

UGT PRESENTA O PRIMEIRO DE MAIO EN GALICIA E CHAMA Á CIDADANÍA A PARTICIPAR NOS ACTOS CONVOCADOS

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, xunto coa súa homóloga do S.N. de CCOO de Galicia, Amelia Pérez, presentaron este martes ante os medios de comunicación o Primeiro de Maio en Galicia, dando a coñecer as reivindicacións desta edición e os actos que se van celebrar para conmemorar esta data en toda Galicia. Haberá mobilizacións na Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Mariña, Ourense, Pontevedra, Vilagarcía e Vigo. O acto central, é dicir, no que van participar os secretarios xerais de ambos sindicatos en Galicia, será en Vigo.

José Antonio Gómez na súa intervención ante os medios de comunicación lembrou o lema baixo o cal se van celebrar os actos, convocados por UGT e CCOO, en toda España este ano, "Subir salarios, baixar prezos, repartir beneficios". Un lema que aglutina e resume perfectamente as demandas sindicais na actual conxuntura co obxecto de protexer aos fogares e garantir que os máis débiles non sufran máis as consecuencias dunha situación económica como a actual.

Son moitas as reivindicacións pero tamén hai que ser xustos, facer un exercicio de memoria e lembrar o conseguido ata o de agora, sobre todo, no seo do diálogo social. Medidas todas elas que melloraron as condicións sociais e laborais dun amplo sector da poboación neste país, subliñou. As progresivas subas do SMI, con preto de 100.000 persoas beneficiadas na nosa Comunidade, hoxe nos 1.080 euros; incremento das prestacións por desemprego; ou revalorización das contías das pensións, cun incremento do 8,5%, o que mellora o poder adquisitivo no primeiro caso duns 770.000 galegos e galegas. Estes son algúns dos principais logros.

Aínda así, quedan moitos retos no camiño para intentar diminuír os efectos dunha taxa de inflación desbocada ou duns tipos de xuro impostos que están afogando a moitas familias no pago das súas hipotecas. Fronte a isto, os beneficios empresariais seguen a medrar e nalgúns grandes empresas dun xeito brutal. Beneficios que non están a servir, en ningún caso, para a mellora dos prezos dos seus produtos ou para a mellora dos salarios

dos seus traballadores e traballadoras.

Neste contexto, o secretario xeral de UGT-Galicia fixo un chamamento á CEOE para que se sente e comece a falar e a tratar de pechar un acordo para a mellora dos salarios e, se non é así, anunciou, haberá conflito. A día de hoxe xa se están a desenvolver mobilizacións en determinados sectores, precisamente, para



LOCALIDADE	HORA	SALIDA
A CORUÑA	12:00	PRAZA DE A PALLOZA
SANTIAGO	12:00	A ALAMEDA
FERROL	12:00	PRAZA DO INFERNIÑO
LUGO	12:30	RONDA DA MURALLA (DIANTE DE SINDICATOS)
OURENSE	12:00	PAVILLÓN DOS REMEDIOS
PONTEVEDRA	12:00	PRAZA DA FERREIRÍA
VIGO	11:30	CRUCE DE URZÁIZ CON VÍA NORTE
VILAGARCÍA	12:30	PRAZA DE RAVELLA

demandar melloras salariais que lles permitan afrontar aos traballadores unha economía marcada pola alta inflación e os elevados tipos de xuro.

Por outra banda, hai enriba da mesa outra importante demanda por parte de UGT, a dignificación das indemnizacións por despedimento. A firma por parte de España en 2021 da Carta Social Europea,

que é de obrigado cumprimento, obriga a protexer o emprego. E no noso país é aínda barato despedir e demasiado fácil. Temos que avanzar cara un custo do despedimento suficientemente disuasorio. Concluíu que, aínda que son importantes os logros, os retos tamén son significativos. Por todo isto, fixo un chamamento á participación nos actos e mobilizacións deste Primeiro de Maio.

ESTE 28 DE ABRIL, DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

CUN INCREMENTO DA SINISTRALIDADE MORTAL DE CASE O 38% EN GALICIA NO ÚLTIMO ANO E XA CON 12 FALECIDOS NOS DOUS PRIMEIROS MESES DE 2023, URXEN MEDIDAS REAIS E EFECTIVAS PARA POÑER FREO A ESTA LACRA

Nos dous primeiros meses do ano Galicia é segunda comunidade que máis persoas falecidas rexistra, igualada con Cataluña e Valencia, e tamén a segunda con maior índice de incidencia

Redacción.- Un ano máis, UGT-Galicia lamenta que o 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, teña que celebrarse denunciando a lacra da sinistralidade laboral que continúa presente no mercado laboral galego. E este ano arrancou, neste senso, con cifras moi negativas, situando a Galicia como a segunda comunidade con máis accidentes mortais, igualada con Cataluña e Valencia, e co segundo índice de incidencia de sinistros mortais tamén máis elevado. Costa moito dixerir como ano tras ano continúan producíndose mortes por causas facilmente evitables.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran lacra do mercado de traballo. No ano 2022 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo e economía social, 28.401 accidentes laborais, o que supón un leve descenso dun 1,9 por cento en relación ó ano anterior, cando se contabilizaban 28.976 accidentes. Hai que precisar que todas estas cifras inclúen os accidentes "in itinere" e só os accidentes con baixa, porque así o desagregan os datos do Ministerio.

Deste total, 27.891 foron accidentes de carácter leve, 437 graves e 73 mortais.

Por sección de actividade económica (aquí só se detallan os sinistros en xornada, non os in itinere), as que máis accidentes rexistran son a industria manufacturera, 6.078; seguida da construción, con 4.125; 3.181 no comercio ao por maior e menor e reparación de vehículos a motor; e actividades administrativas e servizos auxiliares, con 2.458.

Territorialmente, é a provincia da Coruña a que máis accidentes rexistrou, 12.609 e con 22 mortais. Pontevedra rexistrou 9.360, con 39 mortais; Lugo, 3.196, con 7 falecidos; e Ourense, 3.236, con 5 persoas mortas durante a súa xornada laboral.

Infartos e outras patoloxías non traumáticas son as causas que ocasionan máis accidentes mortais. Urxen medidas que re-



POR UN
DEREITO
Á SEGURIDADE
E SAÚDE NO
TRABALLO
REAL E
EFFECTIVO

28 ABRIL 2023
DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE
E A SAÚDE NO TRABALLO

BASEADA EN FEITOS REAIS

UGT  
Galicia

#SeguridadySaludTuDerecho

duzan os riscos psicosociais

Dentro dos accidentes laborais mortais a nivel de todo o Estado, 285 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas, sendo os máis numerosos (estes son datos estatais, xa que o Ministerio non desagrega por comunidades autónomas este dato e o ISSGA aínda non fixo públicas as estatísticas de 2022). Neste senso, UGT-

Galicia demanda políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ó índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi no 2022 de 2.530,7. Este ín-

dice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 6,59, cando era no 2021 de 4,82.

Estas cifras son realmente elevadas, de feito Galicia é a terceira comunidade co índice de incidencia en sinistros mortais máis elevado, só superada por Murcia e La Rioja.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo nos que non foi necesaria a baixa, aínda que non se pode realizar a análise dos mesmos porque o Ministerio non facilita este dato e, como xa se comentou en parágrafos precedentes, o ISSGA aínda non facilitou os datos de 2022.

Incluír a COVID-19 no listado de enfermidades profesionais e atender no eido laboral á COVID persistente

O Ministerio tamén achega datos dos accidentes con baixa por COVID-19. En Galicia no 2022 rexístranse 67 casos. Neste senso, UGT-Galicia insiste en que neste país a COVID-19 segue sen estar incluída no listado de enfermidades profesionais, o que provoca que moitas persoas traballadoras queden desamparadas e sen a prestación que merecen. E, por outra banda, está a COVID persistente, con consecuencias laborais para quenes a sofren, esixe de políticas de prevención e de Seguridade Social específicas que aínda están sen desenvolver.

UGT denuncia a infradeclaración das enfermidades profesionais, sobre todo, nos cancros de orixe laboral sen ningunha comunicación. Tan só 1.261 casos rexistrados en Galicia

Mención aparte merecen as enfermidades profesionais, con tan só 1.261 casos rexistrados en Galicia no 2022, segundo datos facilitados polo Ministerio de Seguridade Social, o que evidencia a súa infradeclaración. Deste total, 35 corresponden a enfermidades causadas por axentes químicos; 991 por axentes físicos; 37 por axentes biolóxicos; 138 por inhalación de substancias ou axentes; 30 enfermidades da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos apartados anteriores; e cero por axentes cancerixenos. Para UGT, o procedemento de notificación e o rexistro son inoperantes, privando ás persoas traballadoras do recoñecemento da orixe laboral da súa enfermidade e do acceso ás prestacións ás que ten dereito. Ademais de ter un impacto directo na prevención porque o que non se rexistra non existe e, polo tanto, non se adoptan medidas preventivas. E, se nalgún tipo de patoloxías é especialmente escandalosa a súa infradeclaración, é no caso

dos cancros de orixe laboral. No 2022 non se comunicou ningún caso.

Galicia, a segunda comunidade con máis sinistros mortais nos dous primeiros meses de 2023

Nos dous primeiros meses de 2023, segundo os datos do Ministerio, Galicia rexistrou un total de 3.758 sinistros (incluídos os "in itinere"). Destes, 3.681 foron leves; 71 graves; e 12 resultaron mortais. De feito, Galicia foi a segunda Comunidade con máis falecidos, igualada con Cataluña e Valencia, e superada por Andalucía.

Facendo unha análise dos índices de incidencia dos accidentes mortais, é dicir, aqueles que relacionan o número de sinistros coa poboación asalariada na Comunidade, Galicia ocupa o segundo lugar, cun índice de 0,594. Só por enriba está Estremadura, cun 0,696. Estamos moi por enriba da media estatal, dun 0,247.

Por provincias, A Coruña rexistrou 1.513 sinistros; Pontevedra, 1.272; 519 Lugo; e 454 Ourense. A distribución dos mortais foi de 5 na Coruña, 2 en Ourense e 5 en Pontevedra. En canto ao índice de incidencia dos accidentes mortais, este foi de 0,571 na Coruña, 0,989 en Ourense e do 0,706 en Pontevedra.

Por todo isto, UGT-Galicia demanda, este 28 de abril, que a seguridade e saúde no traballo sexa un dereito real e efectivo.

Lembrar que a finais dos anos 80 do pasado século, os sindicatos estadounidenses elixiron o 28 de abril como xornada en memoria das vítimas de accidentes de traballo ou de enfermidades de orixe laboral. Esta conmemoración estendeuse na seguinte década polo conxunto do movemento sindical internacional e terminou por dar lugar á declaración do Día internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo por parte da OIT en 2003.

En 2023 coinciden, por unha banda, o vixésimo aniversario da declaración oficial do 28 de abril e a aprobación das contornas laborais seguros e saudables como un dos seus cinco principios e dereitos fundamentais na última Conferencia da Organización Internacional do Traballo (OIT); e por outro, un momento crítico da prevención de riscos en España. Por este motivo, UGT fixo público o manifesto polo 28 de abril de 2023 co lema "Por un dereito á seguridade e a saúde no traballo, real e efectivo". Para UGT-Galicia, é un día de recordo de todas aquelas persoas traballadoras que morreron ou sufriron as consecuencias dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, tamén para mostrar o noso apoio e solidariedade coas súas familias e compañeiros.

Ademais, é un día de reivindicación e denuncia, xa que temos que visibilizar esta secuela. Cremos que a sociedade normalizou as mortes no traballo. Ademais, nin os Gobernos nin as administracións préstalle a atención necesaria, algo inadmisíbel xa que a maioría dos accidentes de traballo poderíanse evitar se se cumprise a normativa en materia de prevención de riscos laborais.

No manifesto sinálase como, tras o impacto da pandemia, España está a atravesar un período de incremento da incidencia de accidentes de traballo, especialmente intenso no caso dos accidentes mortais, o cal é un indicador da deterioración das condicións laborais. Así mesmo, insítese na invisibilización dos danos debidos ás enfermidades de orixe laboral produto do subregistro de enfermidades profesionais.

O manifesto aborda os cambios necesarios para mellorar a prevención fronte aos axentes cancerixenos, para actuar no ámbito laboral fronte á epidemia de saúde mental ou para afrontar os retos asociados ás transicións dixital e demográfica, así como ao cambio climático, sen esquecer a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

Ademais, este 28 de abril queremos homenaxear e recoñecer especialmente ás persoas traballadoras que morreron ou sofren unha enfermidade por mor do amianto e as súas familias, e especialmente ás mulleres, que en moitos casos tamén enfermaron e morreron por lavar a roupa dos seus familiares expostos a este cancerixeno nos seus postos de traballo.

O manifesto reivindica o cumprimento efectivo nas empresas da lexislación de prevención de riscos laborais e a posta en marcha por parte dos poderes públicos de políticas públicas de saúde laboral, empezando pola aprobación dos plans de acción da recentemente asinada Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2022-2027. E esixe a convocatoria sen demora da Mesa de Diálogo Social en materia de prevención de riscos laborais, anunciada polo Ministerio de Traballo e Economía Social na propia firma da Estratexia.

Á Xunta, UGT-Galicia esixelle diálogo e medidas para erradicar esta lacra. Porque non pode esquecer a Administración galega que esta Comunidade segue, un ano máis, á cabeza en sinistralidade mortal. A prevención debe situarse no centro e hai que facer da saúde laboral un dereito fundamental. Hai que poñer o foco na prevención de riscos laborais e nas condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo. Hai que repensar o modelo de xestión preventiva nas empresas e fortalecer os organismos con competencias en materia de seguridade e saúde no traballo.

A REFORMA LABORAL CREA MÁIS E MELLORES EMPREGOS

Redacción.- A EPA do primeiro trimestre reflicte un aumento do emprego creado en termos anuais, o incremento das persoas con contrato indefinido e unha nova diminución da temporalidade.

Os datos da EPA do primeiro trimestre de 2023, publicados este xoves, mostran unha aceleración da creación de emprego e unha nova confirmación da mellora da calidade do emprego creado. Concretamente, a ocupación incrementouse un 1,1% anual, o que supón 12.300 novos empregos. Ademais, transcorrido un ano desde que entraron en vigor as medidas centrais sobre contratación da reforma laboral, séguese reducindo a taxa de temporalidade, que para este primeiro trimestre do ano cifrase nun 16,4%.

Desta maneira, UGT afirma que a reforma laboral acordada por Goberno e sindicatos segue demostrando ser un éxito, ampliando o número de persoas traballadoras con contrato indefinido (57.800 máis que no primeiro trimestre de 2022) e reducindo os temporais (52.900 menos), polo que os asalariados en xeral tamén crecen (5.000 máis).

O inicio de 2023 estivo marcado por unha constante mellora das previsións sobre a evolución da economía española, fundamentalmente causadas pola boa marcha do mercado de traballo e polas favorables revisións das principais variables macroeconómicas e da actividade. Con todo, para o sindicato aínda existen problemas que hai que resolver na economía e, especificamente, no ámbito do emprego.

Neste sentido, UGT lembra que o mercado de traballo adoece aínda de deficiencias que requiren correccións para aumentar o benestar e a xustiza social. A primeira delas fai referencia ao elevado paro de longa duración, que fai que o 35,30% dos parados manteñan unha procura de emprego superior a un ano. Para reducir estas cifras, é crucial que se leven a cabo políticas activas de emprego enfocadas en orientar, acompañar e facilitar o acceso deste colectivo a un novo emprego. Iso esixe un maior número de orientadores, plans mellores deseñados, nova formación ofrecida polos Servizos Públicos de Emprego e maior coordinación entre o nivel da administración central e rexional. Lamentablemente, a nova Lei de Emprego supón unha oportunidade errada para lograr estes obxectivos.

O segundo problema é a elevada parcialidade, e particularmente a parcialidade involuntaria. A insuficiencia de horas traballadas, derivada dunha parcialidade non desexada, é un dos problemas que xera maior pobreza laboral. En Galicia a taxa de parcialidade é do 14,1% e o 48,3% das persoas que teñen un contrato a tempo parcial están

nesta situación involuntariamente, por non atopar un traballo a tempo completo. É fundamental seguir mellorando a calidade do tecido produtivo e a creación de emprego para que se poidan xerar contratos a tempo completo e salarios dignos.

Sen salarios non hai estado de benestar

UGT considera que outra disfunción a constitúen as malas condicións salariais, que nos últimos tres anos supuxeron perdas de capacidade adquisitiva para as persoas traballadoras de 8,4 puntos porcentuais de media en todo o Estado. Sen salarios dignos non pode haber crecemento económico sólido nin mellora da calidade de vida da maioría da poboación.

Ademais, o sindicato reclama a necesidade de completar a reforma laboral mellorando a regulación do custo de despedimento improcedente en España, para que a súa indemnización sexa efectivamente disuasoria e reparadora do dano provocado, polo que, ante a negativa do Goberno para abordar esta cuestión, UGT presentou unha reclamación ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais do Consello de Europa.

En definitiva, hai que aproveitar a aceleración económica observada no inicio de 2023 para seguir cun proceso de transformación da economía española que cimente un emprego digno e de calidade, cunha remuneración salarial suficiente, e que teña por obxectivo reducir as desigualdades e mellorar a calidade de vida da maioría das persoas. Para iso, como di o lema de UGT para este Primeiro de Maio, fai falta "subir salarios, baixar prezos e repartir beneficios".

Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 12.300 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 1,1%) e, en relación ó cuarto trimestre de 2022, hai unha baixada da ocupación, con 800 persoas menos.

Aínda así, aínda que a EPA amosa unha certa remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 52,8%, fronte ó 58,6% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 5.900 persoas, o que supón o 4,2%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro subiu un 2,8%, en 3.700 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia,

con 135.100 persoas desempregadas, no 10,9%. No caso dos homes esta taxa é do 10,1% e do 11,8% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 28,7%.

Por sectores, interanualmente, o emprego mellora na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 6,1% (3.800 ocupados máis) e no sector servizos, cun aumento do 2% (15.500 ocupados máis). Pola contra, na industria baixa nun 4,1% (7.000 ocupados menos), e na construción, nun 0,3% (200 ocupados menos).

Con respecto ao trimestre anterior, a perda concéntrase no sector primario, con 5.300 ocupados menos (7,5%); 900 empregos menos na industria (0,6%); e 200 empregos menos nos servizos. Sube en 5.300 na construción (7,6%).

Hai en Galicia un total de 897.200 asalariados, diminuíndo con respecto ó trimestre anterior en 1.000 (0,1%), e ó ano soben en 5.000 (0,6%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora e moito. Cae ata o 16,4%. Dáse un aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 0,1%, e unha caída dos temporais, dun 1,2%. No ano tamén comeza a notarse a estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 8,4% e baixando a temporal nun 26,4%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 14,1%, sendo o 48,3% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e 47.700 persoas paradas de longa duración. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 57.200 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 31.200 fogares que non perciben ingresos. No trimestre anterior eran 29.300. Tamén hai unha suba significativa.

Das 131.400 persoas que están no desemprego, 47.000 levan máis dun ano nesta situación.

Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ningún quede atrás neste país.

VIGO ACOLLEU O PASADO VENRES A XORNADA SOBRE “O PAPEL DOS AXENTES SOCIAIS DIANTE DO DIÁLOGO SOCIAL E A NEGOCIACIÓN COLECTIVA”

Redacción.- O pasado día 21 celebrouse en Vigo a xornada “O papel dos axentes sociais diante do diálogo social e a negociación colectiva”.

Esta dividiuse en dous paneis, un sobre “Os axentes sociais no diálogo social e a negociación colectiva” que correu a cargo do ex secretario confederal de Acción sindical de UGT e senador, Antonio Ferrer; e outro sobre “Reforma de pensións”, que desenvolveu a secretaria confederal de Política institucional e políticas territoriais de UGT, Cristina Estévez.

O secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, desenvolveu o acto de apertura e o de clausura foi realizado polo secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez.



AS PENSÍONS E A NEGOCIACIÓN COLECTIVA, A DEBATE NA CORUÑA

Redacción.- O día 26 tivo lugar na Coruña unha xornada sobre “Pensións e negociación colectiva” no salón de actos do edificio sindical de Alfonso Molina.

Nesta interviñeron o vicesecretario xeral de Política sindical de UGT, Fernando Luján; e os secretarios xerais de UGT-Coruña-Cee e UGT-Galicia, Ángel Iglesias e José Antonio Gómez, respectivamente.

Premio XIX Primeiro de Maio

Tras a xornada e o coloquio que se abriu despois e no que interviñeron varios dos asistentes, tivo lugar o acto de entrega do XIX Premio Primeiro de Maio de UGT-Coruña-Cee.

Nesta edición, as persoas galardoadas polo seu labor sindical no XIX Premio 1º de Maio foron: Manuel Santiso, Delia Irene Martínez e Manuel Neira.



DESCONVOCADA A FOLGA DE DOUS DÍAS DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS, TRAS UN PRINCIPIO DE ACORDO

Polo momento, mantense a convocatoria de folga indefinida a partir do día 8

Redacción.- As mobilizacións están a dar o seu froito, xa que, tras sete horas de negociación no Consello Galego de Relacións Laborais, UGT, CCOO e CIG acordaron a desconvocatoria da folga para os días 27 e 28 no sector do transporte de viaxeiros por estrada, pero, polo momento, mantense a do día 8, esta xa con carácter indefinido.

Esta suspensión lévase a cabo tras un principio de acordo entre patronal e sindicatos dunha suba salarial do 6,5% no 2021 e do 5,7% no 2022, aplicable nas catro provincias, co engadido para Lugo das subas que poidan corresponder dende o ano 2017.

Ademais, iniciárase a negociación dun acordo galego de transporte de viaxeiros que abordará a regulación das condicións mínimas en aspectos como xornada, salario, pluses ou dietas. Así, retomaranse as negociacións o día 2 de maio.



UGT ASINA UN ACORDO HISTÓRICO NA MESA SECTORIAL PARA TODAS AS CATEGORÍAS DE ATENCIÓN PRIMARIA E ESPECIALIZADA

Redacción.- UGT ven de asinar un acordo na Mesa sectorial para todas as categorías profesionais, tanto de atención primaria como especializada.

Un acordo que complementa e desenvolve o Acordo marco por unha administración do século XXI que incrementou as retribucións con carácter xeral un 9,5% en 3 anos e que derogou os atrancos que impedían avanzar en melloras de xornada, salariais e restituír dereitos para todos e todas.

O acordo asinado o pasado día 20 mellora retribucións, reduce xornadas, actualiza a normativa de libranzas, estende a todos e todas a consideración de festivos especiais, entre outras cuestións, pero todo isto aberto a continuar negociando outros puntos a partir de setembro.

UGT FIRMA UN ACORDO HISTÓRICO NA MESA SECTORIAL PARA TODAS AS CATEGORÍAS DE ATENCIÓN PRIMARIA E ESPECIALIZADA

Na Mesa Sectorial celebrada o 20 de abril, despois de 12 horas de reunión, acadamos un Acordo de melloras moi demandadas en xornada de traballo e retributivas para todo o persoal de Atención Primaria, PACs, hospitais, sen excepcións:

- ✓ Subir as retribucións por nocturnidade e gardas (días laborables) de 7,90% a partir do 1 de xaneiro de 2024. (adianto do 50% a 1 de xullo de 2023. O 100% en xaneiro de 2024).
- ✓ Subir as retribucións o 15,61% as gardas de domingo ou festivo e complemento de festividade vinculado a atención continuada (1 de xaneiro de 2024).
- ✓ Retribución como pre-festiva a noite de venres. (a 1 xaneiro de 2024).
- ✓ Reducir a xornada laboral 2023-2024-2025 (de 112 h=16 días): 21 horas, 3 días (2023), 49h (2024) e 42h (2025).
- ✓ Estender a **TODAS** a consideración de festivos especiais do 24 e 31 de decembro.
- ✓ Complemento de turnicidade para AP en quendas de tarde e deslizantes. O complemento de turnicidade (PRD) terá un incremento do 7,9% a partir de xaneiro de 2024.
- ✓ Inicio dunha negociación en setembro da valoración das retribucións en concepto de complemento específico.
- ✓ Actualización normativa de libranzas persoal residente en formación.

Este Acordo complementa e desenvolve o Acordo Marco para unha administración do século XXI que incrementou as retribucións con carácter Xeral un 9,5% en 3 anos, e que derogou os atrancos que impedían avanzar en melloras de xornada e salariais e restituír dereitos para **TODAS**

Este é sempre o compromiso de UGT, avanzar **TODAS**, e para iso estamos onde hai que estar, negociando para **TODAS**

TRAS A MOBILIZACIÓN DO ENSINO CONCERTADO, A XUNTA ABRE AS PORTAS A UNHA MESA TRIPARTITA PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DO SECTOR

Redacción.- O pasado martes tivo lugar fronte á sede da Xunta unha concentración de delegados e delegadas do sector do ensino concertado galego para reclamar unha mellora das condicións laborais e dos dereitos dos traballadores e traballadoras do sector.

Algunhas das demandas son un acordo polo mantemento de emprego, a xubilación parcial, a recuperación da paga extraordinaria de antigüidade ou o pago delegado para o persoal de administración e servizos

Mentres se estaba a producir a concentración, o director xeral de centros e recursos humanos da Xunta recibiu a unha representación de UGT e lles trasladou o compro-



miso de celebrar unha mesa tripartita, ben a finais deste mes ou ben a comezos de xuño, co fin de comezar

a falar e negociar sobre as demandas dos traballadores e traballadoras do ensino concertado de toda Galicia.

FOLGA XERAL O DÍA 4 EN XUSTIZA

Redacción.- Se o Ministerio de Xustiza non muda a súa postura, o día 4 de maio UGT, CCOO, CSIF e STAJ convocan folga xeral de xornada completa no sector da Xustiza.

Xa este mércores tiveron lugar fronte ás sedes xudiciais concentracións e estas continuarán.

Na reunión do día 24 o Ministerio de Xustiza transmitiu ao comité de folga un non radical á subida do complemento xe-

ral de posto e eliminou calquera oferta para a aprobación inmediata ou para a dotación económica do complemento de carreira profesional.

Por todo isto, e ante a falta de oferta para unha subida de retribucións en todos os corpos xerais e especiais e en todos os eidos territoriais e tamén



ante a falta de avances na negociación da LOEO, as mobilizacións vanse intensificar.

A Fundación Luís Tilve e UGT-Pontevedra fanlle unha homenaxe a “Cáceres” co gallo deste Primeiro de Maio

Redacción.- Este mércores a Fundación Luís Tilve, en colaboración coa UGT de Pontevedra, celebrou unha cea de confraternización conmemorativa do 1º de Maio. Como outros anos, o evento serviu tamén para recoñecer a labor sindical dun compañeiro, nesta edición a de José Antonio García Lores “Cáceres”.

O acto iniciouse coa intervención do secretario xeral de UGT-Pontevedra que animou á participación nos actos do Primeiro de Maio.

A continuación tomou a palabra Roxelio Pérez Poza quen destacou a importancia de recuperar a historia das organiza-

cións obreiras e con elo os valores que ó longo da historia estas representaron, de aí a celebración de actos conmemorativos como os que se veñen facendo dende a Fundación e o recoñecemento a persoas que, como Cáceres, sempre demostraron cumprir fielmente con estes valores de compromiso, honestidade e traballo en favor dos demais, tanto no sindicato como a través do seu traballo como educador ou na súa etapa como concelleiro socialista na cidade de Pontevedra.

Finalmente, Cáceres, falou da importancia da labor sindical e de facer chegar esta a todo o mundo, e rematou a súa in-



tervención achegando unha tipografía de principios de século para a súa conservación no Arquivo da Fundación.

UGT RECLAMA AO GOBERNO QUE ADAPTE A DIRECTIVA EUROPEA DE IGUALDADE RETRIBUTIVA Á NOSA LEXISLACIÓN

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora a Directiva do Parlamento e o Consello Europeos, recentemente adoptada, pola que se reforza a aplicación do principio de igualdade de retribución entre homes e mulleres por un mesmo traballo ou un traballo de igual valor a través de medidas de transparencia retributiva e de mecanismos para o seu cumprimento, do 11 de abril de 2023, e reclama ao Goberno a súa adaptación á lexislación española, xa que recolle algunhas novidades respecto da nosa lexislación vixente que haberá que incorporar á mesma mediante o correspondente proceso de transposición de dita Directiva.

Concretamente, o sindicato considera moi positivo que a directiva, aínda que se refire a empresas de 100 traballadores/as ou máis, recolle unha porcentaxe de brecha de referencia dun 5%, non dun 25% como sinala a nosa norma, polo que España terá que adoptar dita obrigação de xustificación de maneira inmediata.

Para UGT, esta medida debe contribuír a reforzar o cumprimento do principio de igualdade retributiva entre mulleres e homes e eliminar a discriminación salarial por razón de sexo a través da negociación colectiva.

Novidades na directiva

Entre os aspectos novos e relacionado coa obrigação dos Estados membros de confiar ao organismo de seguimento designado conforme dita Directiva, está a compilación dos datos sobre a brecha retributiva, debendo publicar esta información, incluíndo publicitala nun sitio web de fácil acceso, de forma tal que poidan compararse os datos de cada empregador, sector e rexión do Estado membro de que se trate. Ademais, a directiva recolle a obrigação de examinar e revisar as estruturas retributivas nas organizacións que teñan un persoal mínimo de 100 persoas traballadoras onde haxa desigualdades de retribución.

A avaliación retributiva conxunta debe ser levada a cabo polos empregadores, en cooperación cos representantes dos traballadores, e de non existir estes últimos, cos designados a efectos da avaliación retributiva conxunta, que no caso de España corresponde por norma legal ás organizacións sindicais máis representativas (cuxa lexitimidade foi referendada en datas re-



centes polo noso Tribunal Supremo).

Para UGT, estas avaliacións deben conducir nun prazo razoable á eliminación da discriminación retributiva por razón de xénero mediante a adopción de medidas correctoras. Na nosa lexislación, as empresas de polo menos 50 traballadores teñen obrigação de realizar unha auditoría retributiva e levar un rexistro de retribucións que, ademais de reflectir as medias aritméticas e as medianas das agrupacións dos traballos de igual valor na empresa, inclúa, no caso de que a media das retribucións dos traballadores dun sexo sexa superior aos do outro nun 25% ou máis, unha xustificación de que dita diferenza responde a motivos non relacionados co sexo das persoas traballadoras. Así mesmo, a detección das diferenzas salariais baseadas no sexo implica a obrigação de eliminación das mesmas.

ALIANZA POLO CLIMA REITERA A ESIXENCIA DUNHA PARTICIPACIÓN SOCIAL MÁIS AMPLA PARA A ACTUALIZACIÓN DO PNIEC

Redacción.- Ante as xornadas de traballo convocadas polo MITECO sobre a actualización do PNIEC Alianza polo clima sinala que se require máis participación. No actual contexto de crise climática é máis necesario que nunca un debate amplo e aberto con todos os sectores da sociedade para elevar o nivel de ambición climática. Alianza polo Clima reitera ao MITECO a esixencia de que hai que contar coa sociedade non de maneira nominal senón efectiva e real.

Ante a próxima revisión do Plan Nacional de Enerxía e Clima (PNIEC) que o Goberno de España deberá enviar á Comisión Europea, as organizacións de Alianza polo Clima xa manifestaron a necesidade dunha participación real e de calidade da sociedade para negociar de maneira colectiva a folia de roteiro das políticas públicas en materia climática. En opinión da alianza aínda que o goberno realizou unha consulta previa durante o verán pasado este proceso foi limitado e insuficiente para abordar os múltiples aspectos que esta revisión da estratexia climática debería

ter.

Un comunicado que tamén insistía na necesidade dunha participación real e efectiva da sociedade para establecer de maneira colectiva a folia de roteiro das políticas públicas en materia climática, que permita a inclusión de novas propostas e medidas. Con todo, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) convocou unha xornada de traballo que se celebra o 27 de abril, cun formato pechado de público, á que se convidou a intervir a unha amplísima representación dos sectores empresariais, pero do ámbito social unicamente ás organizacións ecoloxistas e non, por exemplo, aos sindicatos, organizacións agrarias, consumidores ou ONG de desenvolvemento. Unhas xornadas que terán o formato de panelistas e público no que apenas existe espazo real para o debate.

No actual contexto de crise climática acelerada no que a comunidade científica está a advertirnos que non estamos a des-

envolver a ritmo suficiente as reducións de emisións necesarias para frear o quecemento global, é máis necesario que nunca un debate amplo e aberto con todos os sectores da sociedade para determinar o nivel de ambición necesaria nesa redución de emisións para 2030 e para a reformulación das medidas que sexan necesarias para alcanzar eses obxectivos. Trataríase de abrir un debate público multinivel con todas as partes interesadas que negocien de maneira colectiva a folia de roteiro da política climática para os próximos anos.

Ese proceso de debate debería establecerse en primeiro lugar a través do órgano de participación que existe para iso, o Consello Nacional do Clima. Pero existen outras moitas alternativas desde a formación de grupos de traballo temáticos, ata definir procesos máis amplos, abertos a todos os sectores sociais e ao conxunto da cidadanía, por exemplo mesas de traballo que preparen conclusións sobre o reforzo da ambición climática e o tipo de medidas a desenvolver.